

petencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de xuño de 2003.

ARIAS CAÑETE

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**12099** *REAL DECRETO 681/2003, do 12 de xuño, sobre a protección da saúde e a seguranza dos traballadores expostos ós riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo.* («BOE» 145, do 18-6-2003.)

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina o corpo básico de garantías e responsabilidades preciso para establecer un axeitado nivel de protección da saúde dos traballadores fronte ós riscos derivados das condicións de traballo, no marco dunha política coherente, coordinada e eficaz. Segundo o seu artigo 6, serán as normas regulamentarias as que irán fixando e concretando os aspectos máis técnicos das medidas preventivas.

Así, son as normas de desenvolvemento regulamentario as que deben fixa-las medidas mínimas que deben adoptarse para a axeitada protección dos traballadores. Entre elas atópanse as destinadas a garanti-la protección dos traballadores contra os riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo.

Así mesmo, a seguranza e a saúde dos traballadores foron obxecto de diversos convenios da Organización Internacional do Traballo ratificados por España e que, por tanto, forman parte do noso ordenamento xurídico. Destaca, polo seu carácter xeral, o Convenio número 155, do 22 de xuño de 1981, sobre seguranza e saúde dos traballadores e ambiente de traballo, ratificado por España o 26 de xullo de 1985. No mesmo sentido, no ámbito da Unión Europea fixéronse, mediante as correspondentes directivas, criterios de carácter xeral sobre as accións en materia de seguranza e saúde no traballo, así como criterios específicos referidos a medidas de protección contra accidentes e situacións de risco.

Concretamente, a Directiva 1999/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1999, relativa ás disposicións mínimas para a mellora da protección da saúde e a seguranza dos traballadores expostos ós riscos derivados de atmosferas explosivas, establece as disposicións específicas mínimas neste ámbito. Mediante este real decreto procédese á transposición ó dereito español do contido desta directiva.

A norma contén a definición de atmosfera explosiva, que se define como a mestura co aire, en condicións atmosféricas, de substancias inflamables en forma de gases, vapores, néboas ou pos, na que, tras unha ignición, a combustión se propaga á totalidade da mestura non queimada. Están previstas na norma, ademais, unha serie de obrigas do empresario con obxecto de previlas explosións e de protexe-los traballadores contra estas. O empresario deberá tomar diferentes medidas de carácter técnico ou organizativo, sempre de acordo cos prin-

cipios básicos que deben inspira-la acción preventiva, que se combinarán ou completarán, cando sexa necesario, con medidas contra a propagación das explosións. De carácter específico son a obriga de avalia-los riscos de explosión e a de coordinar, cando nun mesmo lugar de traballo se encontren traballadores de varias empresas, ademais da obriga de elaborar un documento de protección contra explosións e de clasificar en zonas as áreas nas que poidan formarse atmosferas explosivas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e foi oída a Comisión nacional de seguranza e saúde no traballo.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de xuño de 2003,

DISPÓÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto, no marco da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece-las disposicións mínimas para a protección da saúde e seguranza dos traballadores que puidesen verse expostos a riscos derivados de atmosferas explosivas no lugar de traballo, segundo se definen no artigo 2.

2. As disposicións deste real decreto aplicaranse sen prexuízo das disposicións máis rigorosas ou específicas establecidas na normativa específica que sexa de aplicación.

3. As disposicións deste real decreto non serán de aplicación:

a) Ás áreas utilizadas directamente para o tratamento médico de pacientes e durante o dito tratamento.

b) Á utilización regulamentaria dos aparellos de gas conforme a súa normativa específica.

c) Á fabricación, manipulación, utilización, almacenamento e transporte de explosivos ou substancias quimicamente inestables.

d) Ás industrias extractivas por sondaxes e ás industrias extractivas a ceo aberto ou subterráneas, tal como se definen na súa normativa específica.

e) Á utilización de medios de transporte terrestres, marítimos e aéreos, ós que se aplican as disposicións correspondentes de convenios internacionais, así como a normativa mediante a que se dá efecto ós ditos convenios. Non se excluirán os medios de transporte deseñados para o seu uso nunha atmosfera potencialmente explosiva.

4. As disposicións do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, aplicaranse plenamente ó conxunto do ámbito previsto no punto 1, sen prexuízo das disposicións máis rigorosas ou específicas previstas neste real decreto.

Artigo 2. *Definición.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por atmosfera explosiva a mestura co aire, en condicións

atmosféricas, de substancias inflamables en forma de gases, vapores, néboas ou pos, na que, tras unha ignición, a combustión se propaga á totalidade da mestura non queimada.

## CAPÍTULO II

### Obrigas do empresario

#### Artigo 3. *Prevención de explosións e protección contra estas.*

Con obxecto de previr as explosións, de conformidade co artigo 15.1 da Lei de prevención de riscos laborais, e de proporcionar unha protección contra elas, o empresario deberá tomar medidas de carácter técnico ou organizativo en función do tipo de actividade, seguindo unha orde de prioridades e conforme os principios básicos seguintes: impedir a formación de atmosferas explosivas ou, cando a natureza da actividade non o permita, evita-la ignición de atmosferas explosivas e atenua-los efectos prexudiciais dunha explosión de forma que se garanta a saúde e a seguranza dos traballadores.

Estas medidas combinaranse ou completaranse, cando sexa necesario, con medidas contra a propagación das explosións. Revisaranse periodicamente e, en calquera caso, sempre que se produzan cambios significativos.

#### Artigo 4. *Avaliación dos riscos de explosión.*

1. En cumprimento das obrigas establecidas nos artigos 16 e 23 da Lei de prevención de riscos laborais e na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II do Regulamento dos servicios de prevención, o empresario avaliará os riscos específicos derivados das atmosferas explosivas, tendo en conta, polo menos:

- a) A probabilidade de formación e a duración de atmosferas explosivas.
- b) A probabilidade da presenza e activación de focos de ignición, incluídas as descargas electrostáticas.
- c) As instalacións, as substancias empregadas, os procesos industriais e as súas posibles interaccións.
- d) As proporcións dos efectos previsibles.

Os riscos de explosión avaliaranse globalmente.

2. Na avaliación dos riscos de explosión teranse en conta os lugares que estean ou poidan estar en contacto, mediante aperturas, con lugares nos que se poidan crear atmosferas explosivas.

#### Artigo 5. *Obrigas xerais.*

Con obxecto de preservar a seguranza e a saúde dos traballadores, e en aplicación do establecido nos artigos 3 e 4, o empresario tomará as medidas necesarias para que:

- a) Nos lugares nos que poidan formarse atmosferas explosivas en cantidades tales que poidan pór en perigo a saúde e a seguranza dos traballadores ou doutras persoas, o ambiente de traballo sexa tal que o traballo se poida efectuar de maneira segura.
- b) Nos ambientes de traballo nos que poidan formarse atmosferas explosivas en cantidades tales que poidan pór en perigo a saúde e a seguranza dos traballadores, se asegure, mediante o uso dos medios técnicos apropiados, unha supervisión adecuada dos ditos ambientes, conforme a avaliación de riscos, mentres os traballadores estean presentes naqueles.

#### Artigo 6. *Obriga de coordinación.*

Cando nun mesmo lugar de traballo se encontren traballadores de varias empresas, cada empresario deberá adoptar as medidas que sexan necesarias para a protección da saúde e a seguranza dos seus traballadores, incluídas as medidas de cooperación e coordinación a que fai referencia o artigo 24 da Lei de prevención de riscos laborais. Sen prexuízo diso e no marco do disposto no citado artigo, o empresario titular do centro de traballo coordinará a aplicación de tódalas medidas relativas á seguranza e á saúde dos traballadores e precisará, no documento de protección contra explosións a que se refire o artigo 8, o obxecto, as medidas e as modalidades de aplicación da dita coordinación.

#### Artigo 7. *Áreas nas que poden formarse atmosferas explosivas.*

1. O empresario deberá clasificar en zonas, conforme o anexo I, as áreas nas que poden formarse atmosferas explosivas.

2. O empresario deberá garantir, nas áreas a que se refire o punto 1, a aplicación das disposicións mínimas establecidas no anexo II.

3. Sen prexuízo do establecido no Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguranza e saúde no traballo, os accesos ás áreas nas que poidan formarse atmosferas explosivas en cantidades tales que supoñan un perigo para a saúde e a seguranza dos traballadores deberán sinalizarse, cando sexa necesario, conforme o disposto no anexo III.

#### Artigo 8. *Documento de protección contra explosións.*

En cumprimento das obrigas establecidas no artigo 4, o empresario encargarse de que se elabore e manteña actualizado un documento, denominado en diante documento de protección contra explosións. O dito documento de protección contra explosións deberá reflectir, en concreto:

- a) Que se determinaron e avaliaron os riscos de explosión.
- b) Que se tomarán as medidas adecuadas para logra-los obxectivos deste real decreto.
- c) As áreas que foron clasificadas en zonas de conformidade co anexo I.
- d) As áreas en que se aplicarán os requisitos mínimos establecidos no anexo II.
- e) Que o lugar e os equipamentos de traballo, incluídos os sistemas de alerta, están deseñados e se utilizan e manteñen tendo debidamente en conta a seguranza.
- f) Que se adoptaron as medidas necesarias, de conformidade co Real decreto 1215/1997, para que os equipamentos de traballo se utilicen en condicións seguras.

O documento de protección contra explosións elaborarse antes de que comece o traballo e revisarse sempre que se efectúen modificacións, ampliacións ou transformacións importantes no lugar de traballo, nos equipamentos de traballo ou na organización do traballo.

O documento de protección contra explosións formará parte da documentación a que se refire o artigo 23 da Lei de prevención de riscos laborais, e poderá constituír un documento específico ou integrarse total ou parcialmente coa documentación xeral sobre a avaliación dos riscos e as medidas de protección e prevención.

Disposición adicional única. *Aplicación ós equipamentos de traballo destinados a ser utilizados en lugares nos que poidan formarse atmosferas explosivas e que xa se estean utilizando.*

1. Os equipamentos de traballo destinados a ser utilizados en lugares nos que poidan formarse atmosferas explosivas, que xa se estean utilizando ou se puxesen á disposición para o seu uso por primeira vez nunha empresa antes do 30 de xuño de 2003, deberán cumprir a partir da dita data o punto A do anexo II, sen prexuízo do establecido no artigo 1.2 deste real decreto.

2. O punto B do anexo II non será de aplicación ós equipamentos de traballo a que se refire o punto 1 desta disposición adicional.

Disposición transitoria única. *Prazo de aplicación da nova normativa ós lugares de traballo.*

1. Os lugares de traballo que conteñan áreas nas que poidan formarse atmosferas explosivas e que xa se utilizasen antes do 30 de xuño de 2003 deberán cumprilas disposicións mínimas contidas neste real decreto como máis tarde tres anos despois da dita data.

2. O prazo de tres anos a que se refire o punto anterior non será de aplicación ás modificacións, ampliacións e remodelacións dos lugares de traballo que conteñan áreas nas que poidan formarse atmosferas explosivas, efectuadas despois do 30 de xuño de 2003, que deberán cumprilas disposicións deste real decreto desde a data da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Elaboración e actualización da guía técnica.*

O Instituto Nacional de Seguraza e Hixiene no Traballo, de acordo co disposto no artigo 5.3 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención, elaborará e manterá actualizada unha guía técnica de carácter non vinculante, para a avaliación e prevención dos riscos derivados de atmosferas explosivas.

En particular, a dita guía deberá proporcionar información orientadora que poida facilitarlle ó empresario a elaboración do documento de protección contra explosións ó que fai referencia o artigo 8 deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais e o ministro de Ciencia e Tecnoloxía, logo de informe da Comisión nacional de seguraza e saúde no traballo, a dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto, así como para as adaptacións de carácter estritamente técnico dos seus anexos, en función do progreso técnico e da evolución das normativas ou especificacións internacionais ou dos coñecementos en materia de protección fronte ós riscos derivados das atmosferas explosivas no lugar de traballo.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 30 de xuño de 2003.

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO I

### Clasificación das áreas nas que se poden formar atmosferas explosivas

#### Observación preliminar

Esta clasificación en zonas aplicarase ás áreas nas que deban tomarse as medidas establecidas nos artigos 3, 4, 7 e 8.

1. Áreas nas que se poden formar atmosferas explosivas.

Considéranse áreas de risco, para os efectos deste real decreto, aquelas nas que se poidan formar atmosferas explosivas en cantidades tales que resulte necesaria a adopción de precaucións especiais para protexela seguraza e a saúde dos traballadores afectados.

Considéranse áreas que non presentan riscos, para os efectos deste real decreto, aquelas nas que non cabe espera-la formación de atmosferas explosivas en cantidades tales que resulte necesaria a adopción de precaucións especiais.

As substancias inflamables ou combustibles consideraranse substancias capaces de formar atmosferas explosivas, a non ser que a análise das súas propiedades demostre que, mesturadas co aire, non son capaces por si soas de propagaren unha explosión.

As capas, depósitos e acumulacións de po inflamable deben considerarse como calquera outra fonte capaz de formar atmosferas explosivas.

2. Clasificación das áreas de risco.

As áreas de risco clasificaranse en zonas tendo en conta a frecuencia con que se produzan atmosferas explosivas e a súa duración. Desta clasificación dependerá o alcance das medidas que deban adoptarse de acordo co punto A do anexo II. Para efectos desta clasificación, entenderase por condicións normais de explotación a utilización das instalacións de acordo coas súas especificacións técnicas de funcionamento.

#### Zona 0

Área de traballo na que unha atmosfera explosiva consistente nunha mestura con aire de substancias inflamables en forma de gas, vapor ou néboa está presente de modo permanente, ou por un período de tempo prolongado, ou con frecuencia.

#### Zona 1

Área de traballo na que é probable, en condicións normais de explotación, a formación ocasional dunha atmosfera explosiva consistente nunha mestura con aire de substancias inflamables en forma de gas, vapor ou néboa.

#### Zona 2

Área de traballo na que non é probable, en condicións normais de explotación, a formación dunha atmosfera explosiva consistente nunha mestura con aire de substancias inflamables en forma de gas, vapor ou néboa ou na que, en caso de formarse, a dita atmosfera explosiva só permanece durante breves períodos de tempo.

#### Zona 20

Área de traballo na que unha atmosfera explosiva en forma de nube de po combustible no aire está presente de forma permanente, ou por un período de tempo prolongado, ou con frecuencia.

### Zona 21

Área de traballo na que é probable a formación ocasional, en condicións normais de explotación, dunha atmosfera explosiva en forma de nube de po combustible no aire.

### Zona 22

Área de traballo na que non é probable, en condicións normais de explotación, a formación dunha atmosfera explosiva en forma de nube de po combustible no aire ou na que, en caso de formarse, a dita atmosfera explosiva só permanece durante un breve período de tempo.

## ANEXO II

### A. Disposicións mínimas destinadas a mellora-la seguranza e a protección da saúde dos traballadores potencialmente expostos a atmosferas explosivas

#### Observación preliminar

As disposicións deste anexo aplicaranse:

a) Ás áreas clasificadas como zonas de risco de conformidade co anexo I, sempre que sexan necesarias segundo as características do lugar de traballo, do posto de traballo, do equipamento ou das substancias empregadas ou do perigo causado pola actividade relacionada cos riscos derivados de atmosferas explosivas.

b) Os equipamentos situados en áreas que non presenten riscos e que sexan necesarios ou contribúan ó funcionamento en condicións seguras dos equipamentos situados en áreas de risco.

#### 1. Medidas organizativas.

##### 1.1 Formación e información dos traballadores.

O empresario deberalles proporcionar ós que traballan en áreas onde se poden formar atmosferas explosivas unha formación e unha información adecuadas e suficientes sobre protección en caso de explosións, no marco do establecido nos artigos 18 e 19 da Lei de prevención de riscos laborais.

##### 1.2 Instrucións por escrito e permisos de traballo.

Cando así o esixa o documento de protección contra explosións:

a) O traballo nas áreas de risco levarase a cabo conforme unhas instrucións por escrito que proporcionará o empresario.

b) Deberase aplicar un sistema de permisos de traballo que autorice a execución de traballos definidos como perigosos, incluídos aqueles que o sexan polas características do lugar de traballo, ou que poidan ocasionar riscos indirectos ó interaccionaren con outras operacións.

Os permisos de traballo deberán ser expedidos, antes do comezo dos traballos, por unha persoa expresamente autorizada para iso.

#### 2. Medidas de protección contra as explosións.

2.1 Todo escape ou liberación, intencionada ou non, de gases, vapores ou néboas inflamables ou de pos combustibles que poida dar lugar a riscos de explosión deberá ser desviado ou evacuado a un lugar seguro ou, se

non for viable, ser contido ou controlado con seguranza por outros medios.

2.2 Cando a atmosfera explosiva conteña varios tipos de gases, vapores, néboas ou pos combustibles ou inflamables, as medidas de protección axustaranse ó maior risco potencial.

2.3 De conformidade co disposto no Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguranza dos traballadores fronte ó risco eléctrico, cando se trate de evita-los riscos de ignición conforme o artigo 3, tamén se deberán ter en conta as descargas electrostáticas producidas polos traballadores ou o contorno de traballo como portadores ou xeradores de carga. Deberase prove-los traballadores de calzado antiestático e roupa de traballo adecuada feita de materiais que non dean lugar a descargas electrostáticas que poidan causa-la ignición de atmosferas explosivas.

2.4 A instalación, os aparellos, os sistemas de protección e os seus correspondentes dispositivos de conexión só se porán en funcionamento se o documento de protección contra explosións indica que poden usarse con seguranza nunha atmosfera explosiva. O anterior aplicarase así mesmo ó equipamento de traballo e ós seus correspondentes dispositivos de conexión que non se consideren aparellos ou sistemas de protección na acepción do Real decreto 400/1996, do 1 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 94/9/CE, relativa ós aparellos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas, se a súa incorporación pode dar lugar por si mesma a un risco de ignición. Deberanse toma-las medidas necesarias para evita-la confusión entre dispositivos de conexión.

2.5 Adoptaranse tódalas medidas necesarias para asegurarse de que os lugares de traballo, os equipamentos de traballo e os correspondentes dispositivos de conexión que se encontren á disposición dos traballadores foron deseñados, construídos, ensamblados e instalados e se manteñen e utilizan de tal forma que se reduzan ó máximo os riscos de explosión e, en caso de que se produza algunha, se controle ou se reduza ó máximo a súa propagación no dito lugar ou equipamento de traballo. Nestes lugares de traballo deberanse toma-las medidas oportunas para reducir ó máximo os riscos que poidan corre-los traballadores polos efectos físicos dunha explosión.

2.6 En caso necesario, os traballadores deberán ser alertados mediante a emisión de sinais ópticos ou acústicos de alarma e desaloxados en condicións de seguranza antes de que se alcancen as condicións de explosión.

2.7 Cando así o esixa o documento de protección contra explosións, disporanse e manteranse en funcionamento saídas de emerxencia que, en caso de perigo, lles permitan ós traballadores abandonar con rapidez e seguranza os lugares ameazados.

2.8 Antes de utilizar por primeira vez os lugares de traballo onde existan áreas nas que se poidan formar atmosferas explosivas, deberase verifica-la súa seguranza xeral contra explosións. Deberanse manter tódalas condicións necesarias para garanti-la protección contra explosións.

A realización das verificacións encomendaráselles a técnicos de prevención con formación de nivel superior, traballadores con experiencia certificada de dous ou máis anos no campo de prevención de explosións ou traballadores cunha formación específica no dito campo impartida por unha entidade pública ou privada con capa-

cidade para desenvolver actividades formativas en prevención de explosións.

2.9 Cando a avaliación mostre que iso é necesario:

a) Deberá poderse, en caso de que un corte de enerxía poida comportar novos perigos, mante-lo equipamento e os sistemas de protección en situación de funcionamento seguro independentemente do resto da instalación se efectivamente se producise un corte de enerxía.

b) Deberá poder efectuarse a desconexión manual dos aparellos e sistemas de protección incluídos en procesos automáticos que se aparten das condicións de funcionamento previstas, sempre que iso non comprometa a seguranza. Tales intervencións confiaránselles exclusivamente ós traballadores cunha formación específica que os capacite para actuar correctamente nesas circunstancias.

c) A enerxía almacenada deberá disiparse, ó accionalos dispositivos de desconexión de emerxencia, da maneira máis rápida e segura posible ou illarse de maneira que deixe de constituír un perigo.

## B. Criterios para a elección dos aparellos e sistema de protección

Sempre que no documento de protección contra explosións baseado nunha avaliación dos riscos non se dispoña outra cousa, en tódalas áreas en que se poidan formar atmosferas explosivas deberán utilizarse aparellos e sistemas de protección de conformidade coas categorías fixadas no Real decreto 400/1996, do 1 de marzo, polo que se dictan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 94/9/CE, relativa ós aparellos e sistemas de protección para uso en atmosferas potencialmente explosivas.

Concretamente, nas zonas indicadas deberanse utilizar as seguintes categorías de aparellos, sempre que resulten adecuados para gases, vapores ou néboas inflamables, ou pos combustibles, segundo corresponda:

Na zona 0 ou na zona 20, os aparellos da categoría 1.

Na zona 1 ou na zona 21, os aparellos das categorías 1 ou 2.

Na zona 2 ou na zona 22, os aparellos das categorías 1, 2 ou 3.

## ANEXO III

### Sinalización de zonas de risco de atmosferas explosivas conforme o punto 3 do artigo 7



Zona con riscos de atmosferas explosivas

Características intrínsecas:

- 1.<sup>a</sup> Forma triangular.
- 2.<sup>a</sup> Letras negras sobre fondo amarelo, bordos negros (o amarelo deberá cubrir como mínimo o 50% da superficie do sinal).

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**12198** *ORDE APA/1610/2003, do 17 de xuño, pola que se regula a retirada dos produtos fitosanitarios que conteñan substancias activas excluídas da lista comunitaria. («BOE» 146, do 19-6-2003.)*

As substancias activas comercializadas con anterioridade ó 26 de xullo de 1993 deben ser revisadas no marco do programa que establece, no seu artigo 8.2, a Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, para verifica-lo cumprimento dos requisitos establecidos na dita norma.

Cando unha substancia activa non supera o proceso de revisión, ou non se somete a el, queda excluída da lista de substancias activas das que está autorizada a incorporación nos produtos fitosanitarios, que constituíe o anexo I da Directiva 91/414/CEE e, en consecuencia, non se inclúe na «lista comunitaria de substancias activas» contida no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización de produtos fitosanitarios, que incorporou ó ordenamento xurídico interno a directiva citada.

En tal caso, a Comisión Europea adopta as medidas pertinentes para a retirada do mercado de tales substancias activas, individualmente ou en grupos, utilizando como instrumento xurídico a decisión ou o regulamento. As disposicións máis recentes nesta materia son a Decisión 2003/219/CE, do 25 de marzo de 2003, e o Regulamento (CE) 2076/2002, do 20 de novembro, respectivamente.

O cumprimento das normas comunitarias citadas esixe a realización, por parte da autoridade competente en cada Estado membro, dunha serie de actuacións que teñen por obxecto a revogación das autorizacións dos produtos fitosanitarios que conteñen as substancias activas retiradas e a fixación, se é o caso, dos prazos para a comercialización, utilización e eliminación de existencias, todo iso de conformidade co establecido polas respectivas disposicións comunitarias e, no noso país, co establecido no artigo 19 do Real decreto 2163/1994.

Sen prexuízo de que a aplicación de regulamentos e decisións comunitarias non require a previa transposición deles ós ordenamentos nacionais, a correcta realización das actuacións descritas no parágrafo anterior determina a necesidade de establecer, con carácter xeral, certas normas reguladoras da retirada dos produtos fitosanitarios afectados, que son as que se conteñen na presente orde.

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, confírelles ás autoridades competentes en cada caso, atribucións relativas á adopción de medidas cautelares e preceptos relativos á responsabilidade por infraccións, directamente aplicables para efectos de asegurar a retirada sen riscos dos produtos afectados.

Todo iso é aplicable igualmente á extinción de autorizacións provisionais por decisión final de non inclusión das correspondentes substancias activas na lista comunitaria, á extinción de autorizacións nos casos en que se resolva non renova-la inclusión na dita lista e demais casos de retirada de autorizacións por imperativo da normativa comunitaria.

Na elaboración do proxecto desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.